_Mariña Folgueira Portela.

(Santiago de Reigosa, 1954-2011) foi unha xornalista galega cuxa andaina profesional comezou na *Guía del Ocio de Galicia y del Norte de Portugal*. Foi logo cando pasou a formar parte do equipo de **Radio Nacional de España** en Galicia, como redactora, e despois de aprobar unha oposición, incorporouse ao **Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia**, onde desenvolveu a maior parte da súa traxectoria no campo da comunicación institucional.

Comezou a súa formación na escola de Santiago de Reigosa e cursou o bacharelato no Instituto de Lugo para trasladarse posteriormente a Madrid, onde se licenciou en **Ciencias da Información** na especialidade de **Xornalismo.**

Integrante do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, esta informadora chairega era unha apaixonada da lectura, a música e a conversa cos amigos. A pesar de traballar na Coruña e Santiago, sempre mantivo un estreita relación coa súa aldea natal, Santiago de Reigosa, na que en canto puido restaurou a súa casa para volver a gozar da súa horta, das súas plantas e da parola cos seus veciños.

Mariña Folgueira foi, ademais dunha boa persoa e xornalista, unha reigosá militante e unha defensora da cultura e lingua galega.

Asociación Socio-Cultural de Reigosa

Contacto

_Teléfono: 658-264-473 · Elba

616-669-348 · María

_Correo: reigosa.asociacion@gmail.com

_Enderezo: Rúa Igrexa, 4. 27286 - Reigosa

A Pastoriza. LUGO



IV concurso de redacción xornalística

Mariña Folgueira-

Organiza: Asociación Socio-Cultural de Reigosa

“BASES

IV CONCURSO DE **REDACCIÓN XORNALÍSTICA**

– MARIÑA FOLGUEIRA –

ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL DE **REIGOSA**

1. PODERÁ PARTICIPAR NO CONCURSO O ALUMNADO, A TÍTULO INDIVIDUAL, MATRICULADO EN CALQUERA CENTRO ESCOLAR PÚBLICO DA PROVINCIA DE LUGO QUE CURSE ACTUALMENTE ESTUDOS DO SEGUNDO OU TERCEIRO CICLO DE **EDUCACIÓN PRIMARIA** (3º, 4º, 5º E 6º) OU DO PRIMEIRO OU SEGUNDO CICLO DE **EDUCACIÓN SECUNDARIA** (1º, 2º, 3º E 4º).

2. A LINGUA EMPREGADA PARA A REDACCIÓN TERÁ QUE SER, OBRIGATORIAMENTE, O **GALEGO**. AS REDACCIÓNS NON TERÁN EXTENSIÓN MÍNIMA NIN MÁXIMA PARA O ALUMNADO DE PRIMARIA, MAIS PARA O ALUMNADO DE SECUNDARIA SERÁ UNHA EXTENSIÓN MÍNIMA DE 3 FOLLAS E MÁXIMA DE 8 FOLLAS A UNHA CARA. OS TEXTOS PODERÁN ESTAR ESCRITOS **Á MAN** OU A **ORDENADOR**. NO ÚLTIMO CASO SERÁ EN FORMATO DIN A-4, A DOBRE ESPAZO E XUSTIFICADO, EMPREGANDO COMO TIPO DE LETRA “ARIAL“ OU “TIMES NEW ROMAN” DE TAMAÑO 12.

3. AS REDACCIÓNS TERÁN QUE TRATAR SOBRE O TEMA: **SEMPRE EN GALICIA.**

4. ESTABLÉCENSE 4 CATEGORÍAS:

- ALUMNADO DO SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA (3º E 4º).
- ALUMNADO DO TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA (5º E 6º).
- ALUMNADO DO PRIMEIRO CICLO DE SECUNDARIA (1º E 2º E 3º).
- ALUMNADO DO SEGUNDO CICLO DE SECUNDARIA (4º).

5. ESTABLECER OS SEGUINTES PREMIOS PARA CADA CATEGORÍA:

- PARA O **AUTOR**, A TÍTULO INDIVIDUAL: UN DIPLOMA, UN LOTE DE LIBROS EN GALEGO E UNHA TABLET.
- PARA O SEU **CENTRO**: UN LOTE DE LIBROS EN GALEGO.
- PARA O **CENTRO DA PERSOA PARTICIPANTE QUE OBTEÑA MAIOR PUNTUACIÓN** NA SÚA REDACCIÓN: UNHA ESCULTURA CONMEMORATIVA DO ARTISTA LUÍS LOUREIRA (SAMOS), TITULADA *PEITEANDO O PORVIR.*

6. O **XURADO** ESTARÁ COMPOSTO POR CINCO MEMBROS DE RECOÑECIDO PRESTIXIO QUE SERÁN DESIGNADOS POLA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN SOCIO-CULTURAL DE SANTIAGO DE REIGOSA.

7. OS TEXTOS ENVIARANSE SÓ CO TÍTULO E NO INTERIOR, NUN **SEGUNDO SOBRE PECHADO**, INCLUIRASE A FICHA DE DATOS QUE ACHEGAMOS COAS BASES. O PRAZO PARA ENTREGAR AS REDACCIÓNS REMATA O **15 DE XUÑO DE 2018.** PODERANSE ENTREGAR EN MAN OU POR CORREO ORDINARIO (*IV CONCURSO DE REDACCIÓN MARIÑA FOLGUEIRA. RÚA IGREXA, 4. 27286 REIGOSA. A PASTORIZA. LUGO*).

8. AS RESOLUCIÓNS DO XURADO COMUNICARANSE POR TELÉFONO OU CORREO ELECTRÓNICO A TRAVÉS DO CENTRO DE ENSINO DA PERSOA GAÑADORA. A ENTREGA DE PREMIOS FARASE NUN ACTO PÚBLICO CELEBRADO O 16 DE AGOSTO NO CENTRO SOCIOCULTURAL MARIÑA FOLGUEIRA DE REIGOSA.

G O L